

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E CRUZ VERMELLA GALICIA PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE ACOMPAÑAMENTO PARA A PREVENCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE EN PERSOAS MAIORES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

- Que o Servizo Galego de Saúde formaliza coa entidade Cruz Vermella o instrumento convencional arriba referido por un período que entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer as condicións de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Cruz Vermella para levar a cabo o Programa de Envellecemento Saudable: Saúde Constante.

As actividades previstas dentro do programa son as seguintes:

1. Visitas mensuais ao domicilio das persoas maiores para ofrecer información/consellos sobre alimentación e exercicio físico e toma de biomedidas como reforzo aos consellos.

2. Charlas informativas sobre hábitos saudables en centros da Cruz Vermella.

3. Actividades de ocio saudable.

4. Teleservicios:

- Chamadas (acompañamento).

- Información e consellos saudables.

- Adherencia ao tratamento (recordatorios e seguimento de citas médicas, apoio e xestión na solicitude de citas, recordatorios toma medicación).

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que o 7 de xullo de 2015 asinouse o convenio marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Cruz Vermella Española (Galicia) co obxecto de establecer as liñas xerais de

colaboración dirixidas ao deseño e avaliación de programas de promoción do estilo de vida saudable e do envellecemento activo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Con tal fin, ámbalas dúas entidades, propoñen desenvolver un programa de actividades de acompañamento para a prevención e promoción da saúde baixo as seguintes ideas básicas:

a. Mellorar a calidade de vida das persoas maiores desde unha perspectiva integral, incidindo tanto en aspectos especificamente sanitarios como de índole social.

b. Ofrecer unha serie de actividades de acompañamento orientadas ao envellecemento saudable e a prevención da dependencia, fomentando a participación e o comportamento proactivo das persoas maiores fronte ao coidado da propia saúde.

c. Achegar estas actividades ao domicilio das persoas maiores para potenciar a continuidade no proceso de coidados.

d. Facilitar o acompañamento e contacto con persoas maiores solas.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en tanto que normativa vixente ao tempo da sinatura), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

